

## ANUNCIO CONCESIÓN PROVISIONAL AXUDAS PEL REACTIVA

Por medio do presente anuncio poño no seu coñecemento que o Alcalde-Presidente, o día 28/01/2021, ditou o decreto que literalmente transcribo:

“**ASUNTO:** CONCESIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS OU SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (PEL-REACTIVA), INTEGRADO NO PLAN DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000031

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.-** Por medio da Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña núm. Núm. 2020 / 23462, publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 123 do mércores, 5 de agosto de 2020, aprobáronse as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA destinado aos Concellos de menos de 50.000 habitantes (modificada por Resolución núm. 2020/23462 do 31 de xullo de 2010, publicada no BOP núm. 128 do mércores, 12 de agosto)

Conforme se dispón na primeira das normas que rexen este programa, en adiante denominado **FONDO DE FINANCIAMENTO**, integrado no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, o seu obxectivo principal é mitigar os efectos negativos que están sufrindo as empresas, asegurando a continuidade e viabilidade económica da súa actividade tras a crise da COVID-19, contribuíndo á xeración de emprego e actividade económica, á fixación da poboación nos concellos e ao seu crecemento sustentable.

En canto aos destinatarios, na Norma 3 recóllese que “*Son destinatarios deste programa, os concellos da provincia da Coruña con poboación inferior aos 50.000 habitantes que o soliciten. Para estes efectos terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Instituto Nacional de Estatística* “

Así se recolle tamén no parágrafo segundo do extracto da **Resolución número 2020/24338, do 12 de agosto de 2020, da Presidencia da Deputación da Coruña**, pola que se aproba a convocatoria da **liña de axudas 1.3.- PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA** do Plan de Empleo Local (PEL 2020), publicado no BOP número 132 do martes, 18 de agosto de 2020.

**A través do decreto da alcaldía núm. 420/2020 do 29/09/20, o Concello de Abegondo acepta as bases e a convocatoria do Programa PEL REACTIVA e as obrigas e os compromisos que nelas se inclúen, adheríndose ao antedito programa , de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.**

**SEGUNDO.-** Logo da Resolución número 2020/32931 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa PEL-REACTIVA, publicada no BOP núm. 181 do mércores, 28 de outubro de 2020, o Concello de Abegondo, a través do **decreto da Alcaldía núm. 484/2020 do 03/11/2020** acepta a concesión definitiva dunha subvención por importe de 69.769,70 € correspondente ao programa PEL REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, integrado No Plan De Emprego da Deputación Da Coruña (Expte: 202000032991).

Tamén se resolveu **aprobar a convocatoria específica das axudas ou subvencións do Concello de Abegondo, adherido ao devandito FONDO DE FINANCIAMENTO**. As bases inclúense como Anexo e son as bases específicas reguladoras das axudas ou subvencións do Concello de Abegondo, conforme quedaron determinadas pola Deputación da Coruña na norma 18 (Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia).

**O Concello de Abegondo realizou unha achega de 37.730,30 € con cargo ao orzamento municipal do exercicio 2020, ascendendo o importe total desta convocatoria de axudas ou subvencións á cantidade de cento sete mil cincocentos euros (107.500,00 €).**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O extracto da **convocatoria de bases específicas** reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, dirixido a beneficiarios/as deste termo municipal, publicouse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no **Boletín Oficial da Provincia** núm. 189 do luns, 9 de novembro de 2020.

**TERCEIRO.-** No apartado quinto do extracto da convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, establécese o **prazo de presentación de solicitudes** que se iniciou a partir do día seguinte

ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP de A Coruña, finalizando ás 14.00 horas do 25 de novembro de 2020. O mesmo se recolle na **Base 9ª das bases específicas do Concello de Abegondo** que establece respecto á forma e prazo de presentación de solicitudes o seguinte: *“O prazo de presentación de solicitudes no Concello de Abegondo por parte das microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal, conforme a Resolución da Presidencia da Deputación de constitución definitiva do Fondo de Financiamento, iníciase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, do extracto da convocatoria específica de axudas do Concello de Abegondo e finalizará ás 14.00 horas do día 25 de novembro de 2020”.*

A presentación debeuse realizar de forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal](https://sede.abegondo.gal), estando dispoñible o trámite específico de solicitude a través do seguinte enlace: <https://sede.abegondo.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudAyudasPelReactiva>.

Por medio do **decreto da alcaldía núm. 1/2021 do 05/01/2021**, constituíuse unha **Comisión de Valoración**, co obxecto de revisar, ordenar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da devandita convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia (PEL REACTIVA). A comisión está formada polas seguintes persoas traballadoras do Concello de Abegondo:

- José Manuel Rodríguez Costa, axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) do Concello de Abegondo (Presidente)
- M<sup>a</sup> Beatriz Fernández Vázquez, normalizadora lingüística do Concello de Abegondo (Vogal)
- José Antonio Varela Doval, funcionario do Concello de Abegondo (Vogal e á vez secretario da comisión)

Conforme o establecido na Norma 10 do Fondo de Financiamento, **a antedita comisión revisou e examinou todas as solicitudes de axudas presentadas e a documentación achegada en tempo e en forma, ben sexa coa solicitude inicial ou tralos requirimentos realizados para emendar a documentación presentada.**

**CUARTO.-** Consta no expediente de tramitación das solicitudes de subvencións ao abeiro da convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao devandito FONDO DE FINANCIAMENTO (PEL REACTIVA) o **informe proposta da Comisión de Valoración do 25/01/2020**. Neste documento, dun xeito debidamente motivado, exprésanse as persoas ou a relación de solicitantes que cumpren os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

**QUINTO.-** A interventora do Concello de Abegondo emitiu, con data do 27/01/2021, o **informe de fiscalización favorable para a concesión provisional das axudas** ao abeiro da convocatoria de bases específicas reguladoras das axudas do PEL Reactiva no Concello de Abegondo.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (BOE núm. 80 do 3 de abril de 1985)
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015)
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015)
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149 do 5 de agosto de 1997)
- A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18.11.2003)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local PEL

- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (DOG núm.121 do 25 de xuño de 2007)
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro de 2009)
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias aprobada polo pleno da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP núm. 72 do 15 de abril de 2019
- A Lei 11/2020, do 30 de decembro, dos orzamentos xerais do estado para o ano 2021 (BOE núm. 341 do xoves, 31 de decembro de 2020)
- A Lei 11/2007. do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (BOE núm.150, do 23 de xuño de 2007)
- O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes ( DOG núm. 241, do venres, 17 de decembro de 2010)
- O Real decreto 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013)
- Regulamento (UE) n.º 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014 (Anexo I )
- Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña núm. n.2020 / 23462, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA destinado aos Concellos de menos de 50.000 habitantes, publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 123 do mércores, 5 de agosto de 2020 (Normas reguladoras PEL REACTIVA)
- Resolución número 2020/24109 de data 07 de agosto de 2020 pola que se modifica a resolución de presidencia núm. 2020/23462 de data 31 de xullo de 2020 pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
- Resolución número 2020/24338, do 12 de agosto de 2020, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da liña de axudas 1.3.- PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA do Plan de Empleo Local (PEL 2020, BOP número 132 do martes, 18 de agosto de 2020).
- Resolución (C. Expediente: 2020000021805) pola que se que se considera cumprimentado o trámite de autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRL
- Resolución número 2020/32931 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña / PEL-REACTIVA ( BOP núm. 181, do mércores, 28 de outubro de 2020)
- Bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia, aprobadas por medio do decreto da Alcaldía núm. 484/2020 do 03/11/2020.
- Extracto da convocatoria de bases específicas reguladora das axudas do Concello de Abegondo, adherido ao ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña / PEL-REACTIVA ( BOP núm. 189, do luns, 9 de novembro de 2020)
- Resolución n.º 2020/41312, de data 16 de decembro de 2020, pola que se aproba a ampliación do prazo de revisión e concesión das solicitudes recibidas polos concellos adheridos ao Fondo de Financiamento PEL-Reactiva (BOP núm. 218 do luns, 21 de decembro de 2020)
- Resolución do Presidente da Deputación do 25/01/2021 pola que se aproba a ampliación do prazo de revisión e concesión de solicitudes do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social PEL-Reactiva (Expte: 2020000021805)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

## CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.-** Na **norma 10** das “Normas reguladoras do Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña / PEL-REACTIVA “ (BOP núm. 123 do mércores, 5 de agosto de 2020 ) establécese o seguinte:

*“Norma 10.-REVISIÓN E CONCESIÓN DAS SOLICITUDES RECIBIDAS POLOS CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO*

*As solicitudes recibidas polos concellos serán revisadas nun prazo de 30 días naturais polos servizos administrativos correspondentes, e logo da súa revisión, valoración e ordenación, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado polos servizos municipais conforme á normativa reguladora do control interno.*

*A Alcaldía ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás entidades interesadas, concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, de ser o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.*

*No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.*

*Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, este prazo poderá ser ampliado cando así expresamente o solicite cada concello. “*

No BOP núm. 218 do luns, 21 de decembro de 2020 publicouse a Resolución n.º 2020/41312, de data 16 de decembro de 2020, pola que se aproba a **ampliación do prazo de revisión e concesión das solicitudes recibidas polos concellos** adheridos ao Fondo de Financiamento PEL-Reactiva.

Logo da Resolución do Presidente da Deputación do 25/01/2021 pola que se aproba a ampliación do prazo de e revisión concesión de solicitudes do Concello de Abegondo, adherido ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social PEL-Reactiva (Expte: 202000021805) a data límite bpara a concesión definitiva das axudas, é a do 26 de febreiro de 2021.

**SEGUNDA.-** Conforme o indicado na **Base 2ª das bases específicas do Concello de Abegondo, en relación ao ámbito de aplicación** “poderán acollerse a estas axudas, as persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o disposto na **Base 4ª**.”

A Base 4ª da convocatoria de bases específicas reguladora das axudas do Concello de Abegondo, establece o seguinte en relación ás persoas beneficiarias:

### **“ BASE 4ª. PERSOAS BENEFICIARIAS**

#### **4.1. Beneficiarios/as**

*Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:*

- **Grupo I:** *Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.*

- **Grupo II:** *Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.*

- **Grupo III:** *Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros

**4.2. Requisitos das persoas beneficiarias** Con carácter xeral, os beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal no Concello de Abegondo
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS.
- Non ter débeda ningunha co Concello de Abegondo
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 14.

**A) Requisitos específicos das persoas físicas**

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

**B) Requisitos específicos das persoas xurídicas**

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

**C) Exclusiones** Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

Polo tanto, **é imprescindible que as persoas solicitantes acrediten estar ao corrente coa AEAT, coa Seguridade Social, coa CC.AA de de Galicia e tamén co Concello de Abegondo**, para ser beneficiarios das axudas.

No informe da comisión de valoración sinalase que das 93 solicitudes presentadas, 8 non foron valoradas: 6 por renuncia ou desistencia e 2 por non cumprir co requisito de ter o domicilio fiscal en Abegondo.

A Comisión de Valoración comprobou que todas as solicitudes admitidas a trámite e que son propostas para a concesión provisional da subvención, cumpren a obriga de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Abegondo.

Con respecto ás débedas co Concello de Abegondo, consta no expediente informe da tesoureira municipal no que se acredita as consultas realizadas para a comprobación das débedas co Concello de Abegondo, e o resultado destas.

**TERCEIRA.-** A Comisión de Valoración tivo en conta o establecido na base sexta da convocatoria de bases específicas reguladora das axudas do Concello de Abegondo, que dispón o seguinte en relación ao procedemento de concesión das axudas:

**“ BASE 6ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN**

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de **concorrenza competitiva**, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas axudas, **concorrenza competitiva implica que o procedemento de concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases, e adxudicar a axuda a aquelas que obtiveran unha maior valoración co límite orzamentario fixado para o Concello de Abegondo.**

A valoración das solicitudes realizarase por grupos de beneficiarios/as dos establecidos na Base 4.1, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo. Terán prioridade para a concesión,



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

os/as solicitantes pertencentes ao grupo I de beneficiarios/as que obtiveran maior puntuación. Se atendendo ao límite orzamentario fixado para o Concello de Abegondo hai crédito dispoñible, este destinarase a cubrir as solicitudes con maior valoración do Grupo II e por último as do Grupo III con maior valoración, ata esgotar o crédito dispoñible.

**6.1 Criterios de valoración.** As solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, puntuaranse de acordo cos seguintes criterios de valoración:

<b>CRITERIOS DE VALORACIÓN</b>	<b>ASPECTOS QUE SE HAN VALORAR</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA (35 puntos)</b>
<b>1</b> Tipo de empresa Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 10 puntos)	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	<b>10</b>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	<b>8</b>
	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	<b>6</b>
	Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	<b>5</b>
<b>2</b> Forma xurídica da empresa Datos referidos á data de publicación da convocatoria (máximo 8 puntos)	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	<b>8</b>
	Outras con personalidade xurídica	<b>6</b>
<b>3</b> Nº mulleres contratadas <sup>(1)</sup> Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	<b>5</b>
	Ata 5	<b>3</b>
<b>4</b> Nº persoas discapacitadas contratadas <sup>(2)</sup> Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	<b>5</b>
	Ata 5	<b>3</b>
<b>5</b> Nº menores de 30 anos contratados/as <sup>(3)</sup> Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	<b>5</b>
	Ata 5	<b>3</b>
<b>6</b> Emprego da lingua galega (Máximo 2 puntos)	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda	<b>2</b>



- (1)** Deberá computarse o número de traballadores/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación a xornada completa.
- (2)** Deberá computarse o número de traballadores/as discapacitados/as contratadas a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.
- (3)** Deberá computarse o número de traballadores/as menores de 30 anos contratados a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

En caso de empate, priorizaranse como criterios de desempate, os seguintes:

- 1º. Nº mulleres contratadas.
- 2º. Nº persoas discapacitadas contratadas.
- 3º. Nº menores de 30 anos contratados
- 4º. Empresas de economía social.
- 5º. Data e hora de presentación completa da solicitude.

“

**CUARTA.**- No que atinxe á contía das subvencións ou axudas que se concederán ao abeiro desta convocatoria de bases específicas reguladora das axudas do Concello de Abegondo, aplicouse o disposto na **Base 8ª**:

**“BASE 8.ª.-CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE**

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes **criterios**:

a) Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: 1.500 €

b) Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:

- Un só traballador/a: 2.000,00 €.
- Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 €.
- Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 €.

O período subvencionable abarcará dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 €. O importe de axuda a conceder será minorado na cantidade que exceda deste límite.

“

Na **BASE 10.ª** dispónse o seguinte en relación á **“INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN”**:

“As solicitudes de cada grupo que cumpran cos requisitos, atendendo ao establecido na Base 6.ª, ata esgotar o crédito inicial dispoñible para o Concello de Abegondo, serán propostas por orde de puntuación para seren resoltas favorablemente.

O Concello de Abegondo poderá requirir os solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude. “

Por parte da Comisión de Valoración revisáronse e examináronse todas as solicitudes presentadas polas persoas interesadas e valoráronse conforme o procedemento de concesións establecido na base 6ª. Aquelas solicitudes que cumprían cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, foron puntuadas de acordo cos criterios de valoración establecidos no apartado 6.1 da base 6ª.

**QUINTA.-** Con base na documentación presentada e logo dos requirimentos realizados, analizada e valorada a mesma pola **Comisión de Valoración**, esta emitiu o **informe proposta** de data **25/01/2020** no que se propón a concesión das axudas e a súa contía ás persoas ou relación de solicitantes que cumpren os requisitos da convocatoria, desestimando aquelas que non cumpren cos requisitos para ser beneficiarios das axudas conforme á base 4ª, e desestimando provisionalmente aquelas que, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras, non poden concederse por esgotamento do crédito dispoñible nesta convocatoria de subvencións.

No antedito informe tamén se inclúen as desistencias das solicitudes de subvencións presentadas por algunhas persoas interesadas realizadas e aquelas non admitidas a trámite

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. E polo que **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a **concesión provisional** das subvención ou axudas solicitadas ao Concello de Abegondo ao abeiro da convocatoria do Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña / PEL-REACTIVA, ás persoas solicitantes que se relacionan a continuación, ordenadas por grupos e por puntuación e segundo os importes que se indican:

NÚM. EXPEDIENTE	NIF/CIF	GRUPO	PUNTOS	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
<b>GRUPO I</b>				
2020/A003/000506	****2800*	I	24	3000
2020/A003/000519	****3297*	I	24	3000
2020/A003/000537	****6002*	I	22	2500
2020/A003/000491	****0877*	I	21	3000
2020/A003/000540	****2477*	I	19	2500
2020/A003/000511	***3663**	I	18	3000
2020/A003/000486	***5969**	I	16	2500
2020/A003/000484	***5304**	I	14	2500
2020/A003/000497	***6058**	I	14	2000
2020/A003/000517	***4305**	I	14	2500
2020/A003/000525	***3353**	I	14	2500
2020/A003/000542	***9275**	I	14	2000
2020/A003/000548	****7211*	I	14	2500
2020/A003/000510	***5695**	I	13	2500
2020/A003/000518	***4850**	I	13	3000



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

2020/A003/000546	***4322**	I	13	2500
2020/A003/000552	***7675**	I	13	2500
2020/A003/000503	***6382**	I	12	2000
2020/A003/000460	***7883**	I	11	2000
2020/A003/000483	***7372**	I	11	2000
2020/A003/000485	***6276**	I	11	2000
2020/A003/000499	***9024**	I	11	2500
2020/A003/000507	***0838**	I	11	2500
2020/A003/000538	***9882**	I	11	2000
2020/A003/000467	****0473*	I	8	1500
2020/A003/000465	***6909**	I	7	1500
2020/A003/000466	***2732**	I	7	1500
2020/A003/000471	***1336**	I	7	1500
2020/A003/000478	***1032**	I	7	1500
2020/A003/000481	***3870**	I	7	1500
2020/A003/000495	***6937**	I	7	1500
2020/A003/000504	***0197**	I	7	1500
2020/A003/000505	***6891**	I	7	1500
2020/A003/000513	***8142**	I	7	1500
2020/A003/000524	***0390**	I	7	1500
2020/A003/000541	***2113**	I	7	1500
2020/A003/000490	****5559*	I	6	1500
2020/A003/000539	****1888*	I	6	1500
2020/A003/000472	***8965**	I	5	1500
2020/A003/000473	***2286**	I	5	1500
2020/A003/000477	***7288**	I	5	1500
2020/A003/000487	***3841**	I	5	1500
2020/A003/000494	***4948**	I	5	1500
2021/A003/000001	***0820**	I	5	1500
2020/A003/000500	***1305**	I	5	1500
2020/A003/000502	***1762**	I	5	1500
2020/A003/000512	***9035**	I	5	1500
2020/A003/000533	***1382**	I	5	1500
<b>IMPORTE GRUPO I</b>				<b>95.000</b>
<b>GRUPO II</b>				
2020/A003/000479	****0992*	II	14	2500
2020/A003/000529	***9243**	II	9	2000



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



**CONCELLO**  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)



**Deputación**  
**DA CORUÑA**  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

2020/A003/000462	***3262**	II	7	1500
2020/A003/000480	***0107**	II	7	1500
2020/A003/000498	***8349**	II	7	1500
2020/A003/000530	****8607*	II	6	1500
2020/A003/000547	***7898**	II	5	1500
<b>IMPORTE GRUPO II</b>				<b>12.000</b>
<b>IMPORTE TOTAL</b>				<b>107.000</b>

**SEGUNDO.-** Desestimar provisionalmente as seguintes solicitudes que, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras, non poden concederse por esgotamento do crédito dispoñible nesta convocatoria de subvencións:

NÚM. EXPEDIENTE	NIF/CIF	GRUPO	PUNTOS
2020/A003/000469	****7228*	III	19
2020/A003/000535	****8507*	III	19
2020/A003/000482	****0982*	III	17
2020/A003/000515	***3542**	III	11
2020/A003/000528	***6707**	III	8
2020/A003/000550	***5917**	III	5

**TERCEIRO.-** Desestimar provisionalmente as seguintes solicitudes de axudas por non cumprir algún dos requisitos establecidos na base 4ª da convocatoria: desestimación

NÚM. EXPEDIENTE	NIF/CIF	GRUPO	MOTIVO DA DESESTIMACIÓN
2020/A003/000489	***7622**	I	Non cumpre requisitos das persoas beneficiarias establecidos nas bases (4.2. estar ao corrente coa AEAT)
2020/A003/000492	***6138**	I	Non cumpre algún dos requisitos das persoas beneficiarias establecidos nas bases (4.2. estar ao corrente coa SS, Concello e non presenta certificado ATRIGA requirido)
2020/A003/000501	***2523**	I	A persoa solicitante non está dada de alta na data de publicación da convocatoria nin na da presentación da solicitude (data de cese na actividade o 31/08/2020)
2020/A003/000463	***5372**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000470	***1981**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000474	***6590**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000475	***7157**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/	***0915**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

A003/000476			as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000496	***5085**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000514	***1817**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1). Non presenta certificado ATRIGA requirido)
2020/A003/000516	***1624**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000521	***1629**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000522	***5609**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000523	***9794**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000526	***0925**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1) Non cumpre algún dos requisitos das persoas beneficiarias establecidos na base 4.2 (estar ao corrente AEAT)
2020/A003/000527	***6770**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000531	****0164*	II	Non cumpre requisitos das persoas beneficiarias establecidos nas bases: 4.2. cumprir coas obrigas da base 14, en concordancia co artigo 5.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación
2020/A003/000532	***3922**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000536	***8288**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1). Non cumpre algún dos requisitos establecidos na base 4.2 (estar ao corrente co Concello)
2020/A003/000545	***2493**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000551	***3717**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1). Non cumpre algún dos requisitos das persoas beneficiarias establecidos na base 4.2 (estar ao corrente AEAT)
2020/A003/000553	***5869**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1).
2020/A003/000554	***3181**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)
2020/A003/000555	***6229**	II	Non cumpre a redución de ingresos esixida para as persoas beneficiarias do grupo II (base 4.1)

**CUARTO.-** Aceptar as desistencias das solicitudes de axudas ou subvencións presentadas polas persoas interesadas que se relacionan:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



**CONCELLO**  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)



**Deputación**  
**DA CORUÑA**  
Plan de  
Emprego Local **PEL**

NÚM. EXPEDIENTE	NIF/CIF	MOTIVO
2020/A003/000464	***3178**	Presenta renuncia por cese actividade
2020/A003/000468	***2100**	Presenta anulación da solicitude por ter o domicilio fiscal noutro concello
2020/A003/000488	***6354**	Presenta solicitude de anulación por ter o domicilio fiscal noutro concello
2020/A003/000543	***1843**	Presenta desistencia da solicitude por ter o domicilio fiscal noutro concello
2020/A003/000544	***0243**	Presenta desistencia da solicitude por ter o domicilio fiscal noutro concello
2020/A003/000549	***6720**	Presenta anulación por erro na presentación

**QUINTO.-** Non admitir a trámite as seguintes solicitudes de axudas ou subvencións:

NÚM. EXP.	NIF/CIF	MOTIVO
2020/A003/000493	***6715**	Domicilio fiscal noutro concello
2020/A003/000534	***6149**	Presenta documentación empresa con domicilio fiscal noutro concello

**SEXTO.-** Publicar este decreto na sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal) e no taboleiro de edictos da Casa do Concello e notificarlle por medios electrónicos esta resolución ás persoas interesadas, concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, de ser o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

No caso de que existisen alegacións por parte das persoas interesadas, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións. Esta resolución de concesión provisional non crea ningún dereito a favor da persoa beneficiaria fronte á Deputación, mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

**SÉTIMO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés"

O que se publica para o seu coñecemento e efectos.

Abegondo, xoves 28 de xaneiro de 2021

O secretario,

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)



Deputación  
DA CORUÑA

Plan de  
Emprego Local **PEL**

De acordo coa orientación da Axencia Española de Protección de Datos para a aplicación provisional da disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, a publicación dos documentos de identidade NIF, NIE e CIF reflíctense da seguinte maneira:

- NIF. Publícanse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima e o resto de cifras ou caracteres alfabéticos con asterisco (\*). Ex. O documento 12345678X publícase \*\*\*4567\*\*
- NIE. Publícanse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima e o resto de cifras ou caracteres alfabéticos con asterisco (\*). Ex. O documento L1234567X publícase \*\*\*\*4567\*
- CIF. Publícanse os caracteres numéricos, evitando os caracteres alfabéticos, que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima e o resto de cifras ou caracteres alfabéticos con asterisco (\*). Ex. O documento L12345678 publícase \*\*\*\*4567\*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público